

## ***COMO SE PODEN PREVER, CONTRIBUIR E RESOLVE-LOS CONFLICTOS QUE PODEN XURDIR NA AULA.***

***Rosina Rodríguez Ulloa***

*Pedagoga Terapeuta e Logopeda - Ferrol*

### **RESUME**

Na medida en que a convivencia interna na aula funcione, a relación profesor/a-alumno/a e alumnos/as-alumnos/as será máis positiva.

O profesor/a, titor/a non só, debe de preocuparse por cuestións como a didáctica, metodoloxía, contidos, destrezas e habilidades, e como avaliar. Non debe esquecer aspectos como a convivencia, poder traballar co grupo, e un requisito previo ó desenvolvemento posterior das áreas.

Non se pode facer responsable só o alumno/a dos conflitos da aula.

Tódolos profesore/as que imparten clase a un curso (equipo educativo) deben de unificar criterios de actuación sobre os/as alumnos/as. O actuar con criterios unificados dende o equipo educativo multiplica os efectos e facilita a consecución dós obxectivos.

As condutas a desenvolver deben ser claras e especificadas.

As condutas a realizar deben de ser sinxelas e claras.

A conduta debe ser intrinsecamente valiosa e de interese para o alumno/a.

Hai que buscar o momento oportuno para falar dos temas que podan dar lugar o motivo de conflito.

Os pais, tratarán de levar unha acción complementaria co centro, co fin de actuar de maneira consensuada.

As condutas problemáticas non deben ser ignoradas.

Debe reforzarse positivamente a conduta correcta.

Débemos de intervir antes de que aparezca o conflito.

O profesor/a debe de preocuparse ademais das cuestións didácticas metodolóxicas, forma de ensinar, contidos, destrezas e habilidades, de como avaliar, da convivencia interna da aula, para poder traballar co grupo e requisito previo, ó desenvolvemento posterior das áreas. Na medida que a convivencia e relación profesor/a-alumno/a e alumnos/as-alumnos/as funcione todo vai a ser mellor.

## 1. ¿QUÉ FACER?

Actualmente e posible dar consellos e orientacións o respecto, que resultan moi eficaces a hora de resolver e prever tales situacións.

Os problemas de conducta se reforzan casi sempre polos pais/nais e polos profesores/as.

E imprescindible que o equipo educativo unifique criterios de actuación sobre os alumnos/as.

No só e recomendable nas cuestións relacionadas ca convivencia, pode aplicarse a calquera outro aspecto da labor docente (criterios didácticos, metodolóxicos, estratexias e hábitos de traballo, criterios de avaliación).

O equipo docente o actuar con criterios unificados multiplica os efectos e facilita a consecución dos obxectivos que cada profesor/a programará.

## 2. ¿CÓMO PREVER?

A principio do Curso e convinte, facer presentación da área, obxectivos a conseguir, metodoloxía a levar a cabo, materiais a utilizar e criterios de avaliación, polo que interesa consensuar cos alumnos unhas mínimas, pero básicas pautas de comportamento, que contribuirán a acadar os obxectivos fixados. Estas normas básicas deben ser produto dun acordo entre o titor/a profesor/a cos/cas alumnos/as.

As conductas deben estar claramente especificadas.

Débemos fixar recompensas positivas, a levar o cumprimento os acordos.

Deben enfatizarse e especificarse incluso o procedemento dos cumprimentos dos acordos.

As conductas deben ser claras e sinxelas.

Non se esixirán conductas inapropiadas a idade do alumno/a.

As recompensas deben medrar lentamente, en ningún momento acadar un valor excesivo.

Realiza-la conducta debe ser intrinsecamente valioso e de interés para o alumno/as non sería lóxico que se motivara por obediencia o adulto, por sancións, ou aprobado final, debe ser por utilidade.

Para unha convivencia fluida e importante a boa comunicación entre o profesor/a e alumno/a e entre eles mesmos.

O profesor/a e alumno/a debe coñecer e respetar os dereitos do outro.

O profesor/a non debe ser autoritario, debe de ser directivo ou mellor planificar e diseñar accións educativas, dando participación os alumnos/as.

Non so deben aprender cuestións de tipo escolar, potenciaranse as estratexias de aprendizaxe, hábitos, normas, valores, e actitudes.

Débese ser coherente e constante, evitando contradicións.

Non recurrir a gritos, arranques de cólera, non só non axuda a resolvelos, pode ademais complicar mais as situacións de conflito, xerando un comportamento moi determinado.

Xenerarase un clima afectivo, axuda a expresarse e a resolve-los problemas de forma eficaz.

As mensaxes serán según a situación e o contexto, é decir convinte e oportunas.

A crítica debe comenzar por algo positivo, si vai acompañada por este compoñente, acetase mellor.

Non ferir nunca verbalmente nin provocar situacións violentas.

Plantexar os problemas, non ocultalos.

Buscar o momento oportuno de falar dos temas que poideran xerar conflitos.

Os materiais e recursos serán próximos o contexto do alumnado.

O vocabulario será entendible polo alumnado.

O traballo en equipo, pode evita-lo conflito, pode ser moi motivador.

Os materiais variados e diferentes axudan a incremental o interés.

Unha explicación previa a tarefa axuda a comprendela mellor.

Os pais, tratarán de levar unha acción complementaria co Centro, co fin de actuar de maneira consensuada, trataran de levar unha acción complementaria co Centro.

As condutas problemáticas nunca poden ser ignoradas.

O alumno/a non debe sentir que se lle castiga por fastidialo.

A conduta inadecuada será detida o mais rápido posible.

Por todo isto cando xurde un conflito non debe facerse unha análise excesivamente simplista.

Será convinte actuar con certo rigor mais que co simple sentido común cousa que en ocasións están perturbando a eficacia.


Cando non se analiza correctamente, ou se castiga desmesuradamente pode xerar:

- Aillamento
- Incremento de agresividade
- Xerar conflitos semellantes ante persoas e situacións similares
- Deteriorar as relacións persoais
- Non estimular o desenvolvemento da autonomía persoal
- Manter actitude de conformismo

Producir actitude de rebeldía o resentimento fai que o alumno/a nun momento dado responda da forma menos oportuna.

COMO ESTRUCTURAMOS O DEPTO. DE ORIENTACIÓN  
NUN INSTITUTO POLITÉCNICO DE F.P.


¿QUEN FORMA PARTE?



¿COMO TRABALLAMOS?

Utilizando un Modelo Psicopedagógico

- Test
- Probas Psicopedagógicas
- Materiais Elaborados
- Observación Directa



Orientador e Apoio dan pautas e fíxanse obxectivos

1

Axudar á alumno/a á elección do seu currículo.

ACTUACIÓNS

- Conocer ao alumno/a
- Conocer a programación das distintas áreas
- Conocer as opcións educativas e profesionais.

DOCUMENTOS DE SOPORTE

- Fichas de acollida
- Informe de seguimento
- Revisión de cuestionarios persoais e informes dos titores/as de anos anteriores
- Programación de seminarios didácticos
- Orientación académica e profesional

PROCEDIMENTOS

- Entrevistas individuais cos alumnos/as
- Recopilación de datos de interese académico e persoal
- Despoñer de informes dos alumnos/as de anos anteriores
- Supervisar as programacións
- Manter reunións de coordinación pedagóxica
- Realizar sesións informativas para orientar sobre a continuidade dos estudos académico-profesionais

2

Fomentar a participación activa e crítica dos alumnos/as no centro.

ACTUACIÓNS

- Participación activa, crítica e responsable
- No centro, participación no consello escolar
- No grupo, elección de delegados e sesións de avaliación

DOCUMENTOS DE SOPORTE

- Orientar as programacións
- Sesión de tutoría
- Sesión de avaliación

PROCEDIMENTOS

- Fomentar a participación do alumnado na sesión de tutoría, de avaliación e na organización de actividades

3

Seguimento individual do alumno/a

ACTUACIÓNS

- Colaborar na realización de adaptacións curriculares
- Aseccar para a boa realización de tarefas escolares

DOCUMENTOS DE SOPORTE

- Enquimas metodolóxicos
- Planificación do tempo de estudo
- Planificación do tempo de ocio

PROCEDIMENTOS

- Conocer técnicas de estudo
- Fimar hábitos de estudo
- Aporar a atención individualizada
- Aseccar na preparación de adaptacións curriculares

4

Colaborar cos titores/as e profesores/as na utilización de mecanismos que faciliten o estudo

ACTUACIÓNS

- Fomentar a coordinación entre os titores/as e profesores/as

DOCUMENTOS DE SOPORTE

- Aplicación de técnicas de estudo
- Utilizar varias técnicas de avaliación

PROCEDIMENTOS

- Propoñer información relativa á alumnado
- Fimar criterios de avaliación
- Dar propostas sobre técnicas de aprendizaxe

5

Aporar e recoller dos profesores/as información individualizada de datos dos alumnos/as

ACTUACIÓNS

- Colaboración do titor/a cos profesores/as e orientador/a
- Transmitir información relativa ás necesidades educativas do alumno/a
- Colaborar co profesorado para que o alumnado acadar en cada área os obxectivos mínimos de cada ciclo

DOCUMENTOS DE SOPORTE

- Ficha de informes
- Modelo de sesión de avaliación
- Material de dinámica de grupos
- Reunión de orientador/a cos titores/as
- Reunión da comisión de coordinación pedagóxica

PROCEDIMENTOS

- Facilitar encontros entre os profesores/as e informales
- Confección do Plan de Acción Tutorial
- Estudo da situación dos alumnos/as, titores/as, pais/nais, e, se é necesario, con outro persoal especializado

6

Favorecer a participación dos pais/nais

ACTUACIÓNS

- Valorar cos pais/nais posibles eleccións curriculares do alumno/a
- Desenvolver estratexias para a asistencia ás sesións ou entrevistas dos pais/nais
- Proporcionar os pais/nais información das peculiaridades do alumno/a

DOCUMENTOS DE SOPORTE

- Participar na confección e actualización do P.E.C. e P.C.C.
- Dinamizar a reunión de titor/a cos pais/nais
- Participar na actualización do reglamento de réxime interno

- Pedir ós pais/nais axuda e colaboración para que os alumnos/as coade os obxectivos formais de cada etapa
- Manter informados ós pais/nais das opcións académico-profesionais
- Colaborar en encontros informativos cos pais/nais